

## Semana Santa de San Martiño:

### Sábado, 24 de marzo

Ás 20h. No Centro Social do Caritel, recepción na honra das autoridades, confrades, convidados e veciños

Ás 20:30h. Na Basílica de San Martiño, **pregón de Semana Santa**, a cargo de **D. Ramón Otero Couto**. A continuación, apertura da *XV Semana da Música Xosé Alonso*, a cargo do alcalde **Javier Jorge Castiñeira**, e **concerto da Coral Polifónica de Foz** **Entrega dos pergamiños de Confrades de Honra** a Dña. **Lucía Soto Mera** e D. **Enrique Díaz Arias**. Recepción dos novos confrades  
Clausura do acto por D. **Antonio Valín Valdés**, párroco de San Martiño

### Domingo, 25 de marzo

Ás 13h. **Bendición de Ramos e Palmas** na praza da Basílica.  
Seguidamente, **procesión**, acompañada polo grupo de gaitas da asoc. **O Feitizo**, ata a Basílica coa Cruz da parroquia e as das capelas do Bispo Santo, O Carme e A Ermida, ademais de varias imaxes

Ás 13:15h. **Misa de domingo de Ramos**. A continuación, **concerto da Coral Polifónica do Concello de Sarria**(*XV Semana da Música Xosé Alonso*)

### Mércores, 28 de marzo

Ás 21h. Oficio de Tebras, recuperado na basílica de San Martiño no 2008, despois de máis de 50 anos sen desenvolverse. Este é o segundo ano que pasamos a celebrar o acto na igrexa de San Xoán de Vilaronte. Trátase dun conxunto literario e musical paralitúrxico de gran beleza que remata co tocar das carracas (rinchas). Esta é unha obra adaptada e traducida ao galego de Arximiro López Rivas, sacerdote, coordinador da revista *Lvcensiade* Lugo. A peza ten unha duración aproximada de dez minutos. A continuación, procesión nocturna ao arredor da igrexa.

### Xoves, 29 de marzo

Ás 18h. na Basílica, Misa da Cea do Señor co acto do Lavatorio e Comuñón Xeral da parroquia. Despois desta Misa, o Santísimo Sacramento é trasladado ata o Monumento en procesión. San Martiño é unha das poucas parroquias que nesta cerimonia, as Varas do Palio son portadas por homes e mulleres, de forma paritaria. No acto do Lavatorio cabe mencionar que os Doce Apóstolos que se prestan voluntarios, escenifican a Última Cea do Señor; acto en si moi emotivo, e que se representa con traxes e utensilios da época.

## Venres, 30 de marzo

Ás 12h. na Basílica, solemne Viacrucis polo interior do templo. Este Calvario será teatralizado con textos do poeta local *Saros*. En cada estación será lida unha estrofa. Coincidindo coa undécima estación deste Viacrucis terá lugar o Acto do Cravado (Cravado de Xesucristo na Cruz). Acto único da Paixón que se desenvolve en todo Galicia.

Ás 12:30h. Acto das Sete Palabras, que concluirá co canto da *Salve Mariñeira* a cargo do Coro Parroquial de Foz. Nestes dous actos intervirán máis de medio cento de persoas. Ás sobrias pero emotivas ambientacións dunha antiga catedral románica, engádese a aportación musical de compoñentes da Escola Municipal de Música, como Ángel Leytón, e o Coro Parroquial de Foz.

Ás 12:45h. Concerto especial de Venres Santo, a cargo do Coro Parroquial de Foz (*XV Semana de la Música Xosé Alonso*).

Ás 17h. Liturxia do Venres Santo na Basílica. Seguidamente, acto do Desencravo, unha obra do Confrade de Honra Luis García Calvo. Configura este Acto a pasaxe teatralizada do Descendemento de Xesucristo e o seu enterro.

Ás 18h. polo Barrio Medieval do Caritel (percorrido tradicional), procesión do Santo Enterro, cos pasos do Cristo Xacente, Virxe das Dores, San Xoán Evanxelista e María Magdalena (levada por mulleres). Nesta procesión participará a Banda da Escola Municipal de Música de Foz.

## Sábado, 31 de marzo

Ás 20h. no Adro e a Basílica, solemne **vixilia pascual** co rito da **bendición do lume, procesión das candeas e bendición da auga**. A continuación, no interior da Basílica, misa solemne.

Ás 21h. **concerto da Coral Polifónica de Burela** (*XV Semana da Música Xosé Alonso*).

## Domingo, 1 de abril

Ás 13h. na Basílica, solemne **Misa** cantada de Domingo de Resurrección, aplicada polos Confrades falecidos e dunha forma moi especial polos que morreron no derradeiro ano.

Ás 13:30h. **concerto** a cargo do grupo **Cantater**, clausurando a *XV Edición da Semana da Música Xosé Alonso*.

Ás 14h. no Adro da Basílica, **solta das Pombas da Paz**.